

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE XULLO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 23 de xullo de dous mil dezaeito ; as nove horas e cincuenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dez de xullo de dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

licenza de agregación de parcelas RIB/N/04.1/18, 2460/2017

Vista a solicitude de agregación de parcelas presentada por don David Vales González nas parcelas con referencia catastral 0622606NG7802S0001LT, 0622607NG7802S0001TT, 0622619NG7802S0001JT, 0622618NG7802S0001IT , rúa Yañez nº 12 e 14 e Rúa Mera Soto nº11 e 13 Ribadavia.

Consta no expediente:

Documentación técnica :“Memoria de agrupación de parcelas urbanas, situadas no Casco Histórico de Ribadavia, concello de Ribadavia (Ourense) ” , redactado pola enxeñeira técnica agrícola D^a Susana Lamas Alvarez.

Informe favorable da Comisión de Seguemento do PEPRI de 1 de febreiro de 2018.

Informe favorable da arquitecta municipal de data 17 de xuño de 2017.

-Informe do secretario municipal de data 17 de xuño de 2017.

Defínense as parcelas orixinais , coas seguintes superficies:

Parcela rúa Yañez 12 Superficie:31,00m2 Parcela catastral 0622606NG7802S0001LT

Parcela rúa Yañez 14 Superficie: 40,00 m² Parcela catastral: 0622607NG7802S0001TT

Parcela rúa Mera 11 Superficie :34 m² Parcela catastral: 0622619NG7802S0001JT.

Parcela rúa Mera 13 Superficie : 38,00 m² Parcela catastral: 0622618NG7802S0001IT .

AS PARCELAS RESULTANTES SON:

PARCELA A (Yañez 12 e 14) Superficie:71,00 m² Largo fachada: 6,70 m Fondo: 9,90 m

PARCELA B (Mera 11 e 13) Superficie : 72,00 m² Largo fachada:9,00 m Fondo:9,00 m

A xunta de goberno acorda:

1º Conceder licenza de agregación sobre as parcelas iniciais coas seguintes características:

Parcela rúa Yañez 12 Superficie:31,00m² Parcela catastral 0622606NG7802S0001LT

Parcela rúa Yañez 14 Superficie: 40,00 m² Parcela catastral: 0622607NG7802S0001TT

Parcela rúa Mera 11 Superficie :34 m² Parcela catastral: 0622619NG7802S0001JT.

Parcela rúa Mera 13 Superficie : 38,00 m² Parcela catastral: 0622618NG7802S0001IT .

2º Aprobar a realización da seguinte agregación de parcelas

PARCELA A (Yañez 12 e 14) Superficie:71,00 m² Largo fachada: 6,70 m Fondo: 9,90 m

PARCELA B (Mera 11 e 13) Superficie : 72,00 m² Largo fachada:9,00 m Fondo:9,00 m

Outorgamento licenza de obras 1226/2018 RIB / C/39.1/18

Visto o escrito presentado por **Don Esteban Campos Montero en representación de DISTRIGONFA SL** onde solicita Licenza de Obras para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas no Parque Empresarial parcelas 14-15 1ª Fase ,referencia catastral 32070A013007670000YZ e 32070A0130076660000YS segundo Proxecto TÉCNICO PARA DISTRIBUCIÓN E VENTA AO POR MAIOR DE

BEBIDAS, visado nºV180110 de data 03/0/2018 , redactado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Moreno

Consta segundo Proxecto TÉCNICO PARA DISTRIBUCIÓN E VENTA AO POR MAIOR DE BEBIDAS, visado nºV180110 de data 03/0/2018 , redactado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Moreno

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 23 de xullo de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 23 de xullo de 2018.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención acorda :

Conceder licenzia a DISTRIGONFA SL para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas no Parque Empresarial parcelas 14-15 1ª Fase ,referencia catastral 32070A013007670000YZ e 32070A0130076660000YS segundo Proxecto TÉCNICO PARA DISTRIBUCIÓN E VENTA AO POR MAIOR DE BEBIDAS, visado nºV180110 de data 03/0/2018 , redactado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Moreno

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística. A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución



das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Construcción de nave para distribución e venta a por maior de bebidas.*

Contía na que se orzan as obras: *177.563,12 €*

Situación e emprazamento das obras: *Parque empresarial, parcelas 14-15, 1ª fase.*

Nome ou razón social do promotor: *Distrigonfa SL*

Director de obra e coordinador de seguridade e saúde: *D Esteban Campos Montero.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Practicase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras na contía de 4616,64 euros, en base ao previsto nos artigos 5 e 6 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras,*

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao Proxecto **TÉCNICO PARA DISTRIBUCIÓN E VENTA AO POR MAIOR DE BEBIDAS**, visado nºV180110 de data 03/0/2018, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Moreno.

-Deberá cumprir o sinalado no informe do Servizo de Emerxencias Municipal e no informe da empresa concesionaria do servizo de auga Aqualia, dos que se remitirá copia co acordo de concesión da licenza.

-Debe depositar un aval de 4.950 euros para garantir que o remate das obras a beirarrúa quedará en bo estado.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, portavoz de RBC no que expón: "En relación á situación de mal estado na que se atopa o río Outeiro ao seu paso pola localidade de Francelos ata a súa desembocadura no río Miño" Solicita:

" 1 Que a concellería de medio ambiente e/ou alcaldía analicen a situación deste río co obxecto de determinar as causas polas que o río Outeiro se atopa nun estado lamentable.

2 Dende o concello se solicite a intervención da Consellería de Medio Ambiente e a colaboración de outras instancias con competencia na materia, se fora preciso.

3 Elaboración dun informe respecto á situación e actividade presente e actual da depuradora existente en Francelos"

A xunta de goberno acorda remitir a solicitude a Aqualia a efectos de emisión de informe.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas outorgando autorización para a obra a realizar na Estrada OU-211 , Val de Pereira (N-120) –O Coedo (OU-504).

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición de vivenda no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PAR A MANTEMENTO DE CAMPOS DE FÚTBOL NO 2018

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 18/07/2018.

Rematado o prazo de alegacións á resolución provisional non formulándose ningunha.

Aprobase a seguinte resolución definitiva:

<i>Entidades</i>	<i>Subvención</i>
Ribadavia atlético FC	1100 €
Ribeiro Fútbol Club	1100 €
Francelos FC	1100 €

A xustificación deberá realizarse ante o concello de Ribadavia tendo o beneficiario un mes de prazo dende que se reciba a notificación da resolución definitiva .

Para o que deberá presentar a conta xustificativa , composta polos seguintes documentos:

-Relación de gastos da actividade con identificación do acreedor, importe e data de emisión .Cantidade a xustificar : polo importe igual ou superior a cantidade subvencionada (Anexo-3)

-Factura/s xustificativa/s en orixinal ou duplicado ou copia cotexada do documento.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS 2018

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes, a baremación dos expedientes e o acordo do Consello Rector , aprobase a seguinte resolución provisional da convocatoria de subvencións a entidades deportivas 2018:

<i>Entidades</i>	<i>Proposta de subvención</i>
1 Ribadavia atlético	424,2 €
2 I.D Sarmientos	742,35 €
3 Club Marusia Ribadavia	1360,97 €

4 Asoc Dep Cult Ribeiro	883,75 €
5 Escola Balonman Ribadavia	1396,32€
6 Ribeiro Fútbol Club	1307,95 €
7 Agrupación Deportivo Natural	883,75 €

-CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS FISICO DEPORTIVOS NO 2018, POLO PROCEDEMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA.

Visto o acordado no Consello Rector do Consello Municipal de Deportes , celebrado o 16 de xullo de 2018, “Aprobación, se procede, das bases da convocatoria do programa de subvencións a eventos deportivos para o 2018”.

Vista a proposta de bases da convocatoria presentada polo Director do Servizo de Deportes .

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015, a xunta de goberno local, por unanimidade acorda:

Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos físico deportivos para o ano 2018 polo procedemento de concorrencia competitiva.

Aprobar as Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para a organización de eventos físico deportivos para o ano 2018.

Autorizar o gasto por importe de 4000 € con cargo a partida 2018/448.00 341 do vixente orzamento municipal.

Publicar anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polideportivo municipal, BOP e páxina web do concello.

Acordar que o prazo para solicitar as subvencións sexa dende a publicación no BOP ata o 30 de outubro de 2018.

Contrato menor de servizos de mantemento do software e hardware da aplicación Deporwin do Consello Municipal de Deportes.

Sendo necesario para o normal desenvolvemento do Polideportivo O Consello, Pavillón Maquiáns e Complexo O Xestal , dispor do servizo de mantemento do software/hardware do sistema necesario para a xestión de ditas instalacións

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios persoais no concello para proveer o servizo, facendose necesario a realización dun contrato de servizos ao efecto.

Contratar con EMISOFT o servizo de mantemento do software e hardware da aplicación Deporwin do Consello Municipal de Deportes por un importe total ,IVE engadido de 2.178 euros.

Aprobar o gasto por importe de 2.178 euros.

Incorporase como parte vinculante do contrato o “ Prego de prescripci3ns t3cnicas para contratar o servizo de mantemento do software e hardware da aplicaci3n Deporwin do Consello Municipal de Deportes”

O servizo de mantemento incluir3a:

- Formaci3n adicional por incorporaci3n de novo persoal.
- Esta formaci3n ser3a facturada se fose necesaria.
- Distribuida en xornadas de 4 horas, seg3n necesidades.

Notificar a resoluci3n ao adxudicatario no prazo de dez d3as a partir da data

Dase conta do convenio de colaboraci3n entre o concello de Ribadavia e o club tenis Ribadavia para a utilizaci3n das instalaci3ns deportivas municipais / pistas de tenis do complexo deportivo municipal o Xestal

CONTRATO DE SERVIZOS

Carecendo o concello de persoal ao efecto.

Vista a oferta de traballo presentada con data de 20 de xullo de 2018.

A xunta de goberno acorda contratar coa empresa Catoure SL a visita aos locais comerciais e vivendas do casco de Ribadavia para solicitar o pago voluntario da cuota para as festas da Virxe do Portal.

O custe dos traballos ser3n de 2000 euros si o recadado alcanza os 11.900 €ou menos.

Polo recadado en exceso de 11.900 a 16.900 se abonar3a un 10% do recadado.

Polo recadado en exceso de 16.900 en diante se abonar3a un 15% do recadado.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as dez horas e cinco minutos da ma3a, o Sr. Alcalde, ergueu a sesi3n, estend3ndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO